


Especies Vegetais Invasoras

RÍO TINS - OUTES





Datos técnicos

Coordinación: Marta Pérez Diz, Luís González Rodríguez. Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo. Universidade de Vigo.

Autores das fichas:

Pérez-Diz, M.

González, L.

Núñez-González, N.

Rodríguez, J.

Autores das imaxes:

Pérez-Diz, M. (MPD)

González, L. (LG)

Núñez-González, N. (NNG)

Páxinas web (WEB)

Esta publicación é o resultado do proxecto Renatur_Outes, impulsado pola “Fundación Biodiversidad” do “Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO)” no marco do “Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR)” financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

I.S.B.N.:



Cómo citar

Pérez-Diz, M. e González, L. (2023). Especies invasoras. Río Tins, Outes. Proyecto Renatur-Outes. Fundación Biodiversidad

Especies invasoras. Río Tins, Outes por Marta Pérez-Diz e Luís González Rodríguez está baixo unha licenza Creative Commons. Recoñecemento Non Comercial | Compartir igual | Licencia internacional 4.0 (CC BY-NC-SA 4.0).

Es libre de:

Compartir: copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.

Adaptar: mesturar, transformar e construír sobre o material para calquera propósito non comercial.

Baixo as seguintes condicións:

Atribución: debes dar o crédito axeitado, proporcionar unha ligazón á licenza e indicar se se fixo algún cambio. Podes facelo de calquera forma razoable, pero non de algún xeito que suxira que ti ou o teu uso estean avalados polos autores.

Non comercial: non pode usar o material con fins comerciais.

Compartir igual: se mesturas, transformas ou creas a partir do material, debes distribuír as túas contribucións baixo a mesma licenza que a orixinal.

Esta publicación contribúe ao movemento de acceso aberto ofrecendo acceso gratuíto aos seus artigos e permitindo a calquera usuario ler, descargar, distribuír, imprimir, buscar ou enlazar os textos completos destes artigos, rastrexalos para indexalos e pasalos como datos a programas informáticos.

Os autores comparten os dereitos de autor para controlar a integridade do seu traballo e o dereito a ser debidamente recoñecidos e citados.





Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/> ou envíe unha carta a Creative Commons, PO Box 1866, Mountain View, CA 94042, EUA.



Índice

Introdución e xustificación.

Lista de especies vexetais exóticas na bacía do río Tins.

Lista de especies vexetais exóticas potenciais na bacía do río Tins.

Metodoloxía empregada.

Modelo e descrición das fichas monográficas.

Fichas monográficas das especies exóticas na bacía do río Tins.





Introducción e Justificación





Existe un número crecente de indicadores que nos informan que estamos perdendo diversidade de especies nos nosos ecosistemas.

Nun mundo altamente interconectado, onde o comercio e o intercambio de recursos non para de medrar, o número de especies exóticas invasoras (EEI) está crecendo rapidamente. De feito, as invasións biolóxicas son unha das ameazas mundiais máis eminentes para a biodiversidade, os servizos dos ecosistemas e os medios de vida.

Os ríos teñen un gran valor cultural, estético, socioeconómico e ecolóxico. Proporcionan beneficios difíciles de cuantificar a persoas de todo o mundo, sendo esenciais para a economía sostible do estado. O seu valor natural, estético e económico vese diminuído polas EEI e a súa perda significa un enorme retroceso da posta en valor do medio cultural e natural próximo.

A presenza de plantas exóticas constitúe unha seria ameaza para os ecosistemas riparios xa que se espallan e medran rapidamente, podendo converterse, en moitos casos, en invasoras. As EEI desprazan ás especies autóctonas, reducen a eficacia dos servizos dos ecosistemas e causan importantes perdas na economía. Estas plantas forman extensións monoespecíficas mudando a composición das comunidades e reducindo a abundancia de especies nativas. No leito do río, impiden o movemento libre da auga, facilitan o aumento dos asolagamentos, reducen os niveis de osíxeno e diminúen a calidade da auga.

Este catálogo de especies aspira a ser unha ferramenta necesaria dentro das estratexias de xestión das especies invasoras na bacía do río Tins. Pretende dar a coñecer aquelas especies que, sendo exóticas, son causa de risco ou xa causan un dano ao ecosistema ou ben, por atoparse en bacías de ríos próximos, poidan ser unha ameaza. Enténdese este listado como predisposto a súa actualización periódica en función dos novos datos que se aporten, axudando á alerta temperá e a unha resposta rápida na xestión.

Na elaboración deste catálogo introducíronse datos que pretenden axudar á comunidade docente a transmitir información e á realización de actividades de coñecemento do medio capaces de sensibilizar do dano das EEI e do beneficio de conservar a biodiversidade.



Lista de especies vexetais exóticas na bacía do río Tins





Este catálogo non pretende ser exhaustivo, pero si recoller aquelas especies exóticas presentes na bacía do río Tins susceptibles de ser invasoras e que poidan ser doadamente diferenciáveis da flora autóctona.

Listado de especies invasoras presentes na bacía do río Tins. Contémplase a súa abundancia relativa no momento de elaboración do listado e a súa caracterización como especie invasora.

| Especie | Abundancia relativa (1-5) | Invasora Catálogo galego | Invasora Catálogo español | Invasora GRIIS |
|--|---------------------------|--------------------------|---------------------------|----------------|
| <i>Acacia dealbata</i> Link | 2 | X | X | X |
| <i>Acacia melanoxylon</i> R.Br | 1 | | X | X |
| <i>Bidens aurea</i> (Aiton) Sherff | 4 | X | | X |
| <i>Crocosmia x crocosmiiflora</i> (Lemoine) N.E.Br | 3 | X | | X |
| <i>Erigeron canadensis</i> L. Cronquist. | 1 | X | | X |
| <i>Eucalyptus globulus</i> Labill. | 1 | | | X |
| <i>Galinsoga parviflora</i> Cav. | 1 | X | | X |
| <i>Oxalis pes-caprae</i> L. | 2 | X | X | X |
| <i>Paspalum dilatatum</i> Poir. | 1 | X | | X |
| <i>Persicaria capitata</i> (Buch.-Ham. ex D.Don) H.Gross | 1 | | | X |
| <i>Phyllostachys aurea</i> (André) Rivière & C.Rivière | 2 | | | X |
| <i>Phytolacca americana</i> L. | 2 | X | | X |
| <i>Robinia pseudoacacia</i> L. | 1 | X | | X |
| <i>Tradescantia fluminensis</i> Vell. | 4 | X | X | X |
| <i>Zantedeschia aethiopica</i> (L.) Spreng. | 2 | X | | X |



Lista de especies vexetais exóticas potenciais na bacía do río Tins





Este catálogo non pretende ser exhaustivo, pero si recoller aquelas especies exóticas máis conspicuas susceptibles de entrar na bacía do río Tins por atoparse no entorno ou en cursos fluviais próximos.

Listado de especies exóticas presentes no entorno do río Tins. Contémplase a súa caracterización como especie invasora.

| Especie | Invasora Catálogo galego | Invasora Catálogo español | Invasora GRIIS |
|--|--------------------------|---------------------------|----------------|
| <i>Agave americana</i> L. | X | X | X |
| <i>Arundo donax</i> L. | X | X | X |
| <i>Azolla filiculoides</i> Lam. | X | X | X |
| <i>Buddleja davidii</i> Franchet | X | X | X |
| <i>Cortaderia selloana</i> (Schult. & Schult.f.) Asch. & Graebn. | X | X | X |
| <i>Egeria densa</i> Planch | X | X | X |
| <i>Eichhornia crassipes</i> (C.F.P. Mart.) Solms-Laub | X | X | X |
| <i>Helichrysum petiolare</i> Hilliard & B.L.Burt | X | | X |
| <i>Ipomoea indica</i> (Burm.) Merr. | X | X | X |
| <i>Lonicera japonica</i> Thunb. | X | | X |
| <i>Ludwigia grandiflora</i> (Michx.) Greuter & Burdet | X | X | X |
| <i>Petasites fragrans</i> (L.) Presl. | X | | X |
| <i>Vinca difformis</i> Pourr. | X | | X |
| <i>Yucca gloriosa</i> L. | X | | X |



Metodoloxía empregada





Realizáronse transectos de mostraxe no río Tins entre as coordenadas 42.879074, -8.927349 e 42.837150, -8.904861 nun traxecto de río duns 5 km (Figura 1). Estableceuse o grao de ocupación das diferentes poboacións representando a figura formada pola súa distribución na ribeira e calculando a súa área, ou ben contando o número de pés por metro cadrado. A distancia ao río tómase como a distancia do pé máis próximo ao río ata o centro do leito.

Coa finalidade de elaborar un inventario de EEI que teña unha aplicación directa na xestión, reuniuse a información dispoñible e actual sobre as diferentes especies en fichas monográficas, indicando o seu nome científico, vernáculo en español e galego, orixe, datos de interese relativos á especie, manexo de xestión máis común e a súa presenza en catálogos de especies invasoras de interese para a área administrativa estudada.

As especies potencialmente susceptibles de aparecer na bacía do río Tins foron seleccionadas en función de listados de bacías próximas e pola propia observación de exemplares no entorno fluvial.

Para que estas fichas resulten útiles no entorno didáctico elaborouse unha presentación con datos prácticos para estudantes de primaria e secundaria. Nesta presentación inclúense imaxes e notas acompañantes para uso das persoas docentes.



M

odelo e descrición das fichas
monográficas





As fichas monográficas están construídas cun deseño que permite que as especies sexan identificadas dunha ollada ao mesmo tempo que se reflicten nela datos imprescindibles para a súa comprensión.

Fotografía da especie: na parte superior dereita. Representando aquela parte máis vistosa ou interesante da planta. Somos conscientes que este aspecto da planta non ten que estar presente todo o ano polo que na presentación didáctica inclúense datos para a súa identificación.

Nome científico: na parte superior esquerda da ficha preséntase o xénero e especie así como o autor definitivo da súa nomenclatura.

Nomes comúns en galego e castelán: os nomes comúns adoitan ser extensos e suxeitos a variacións dialectais. Escolleuse aqueles nomes máis representativos por motivos de extensión xeográfica ou máis presentes na bibliografía.

Orixe: identifícase o país ou área bioxeográfica de orixe da especie, no seu defecto do xénero.

Datos de interese: datos referentes a súa introdución e bioloxía.

Manexo: moitas das especies seleccionadas neste catálogo teñen un manexo controvertido e incluso ineficaz. Cítanse aqueles métodos máis usados na bibliografía.

Catálogos: aparece reflectida a presenza ou non da especie dentro do Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia, por ser o entorno administrativo de referencia; O Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, ao ser o rango estatal onde se inclúe a comunidade histórica de Galicia; e o 'Global Register of Introduced and Invasive Species' (GRIIS) desenvolvido polo Grupo de Especialistas en Especies Invasoras (ISSG) da Unión Internacional para Conservación da Natureza (UICN). Este rexistro alberga inventarios verificados por países de especies introducidas e invasoras.



Fichas monográficas das
especies exóticas na bacía do
río Tins



Acacia dealbata Link



Mimosa



Mimosa, acacia francesa



MPD

Orixe

- Sueste de Australia e Tasmania.

Datos de interese

- Primeiras citas en Galicia, 1945.
- Propágase fácilmente a través das súas sementes. Poden formar grandes bancos no solo, onde se manteñen latentes durante longos períodos de tempo ata que ocorre unha perturbación. Tamén se producen fortes rebrotes despois dunha poda, corte ou incendio. Multiplícase tamén mediante raíces estoloníferas.
- Soe aparecer en terreos degradados. Introduciuse como ornamental e en menor medida para a explotación forestal. Tamén se empregou para a fixación de noiros.
- Forma densas poboacións monoespecíficas que poden desprazar as especies nativas e afectar á súa rexeneración natural, debido á facilidade que ten para xerminar e rebrotar despois dunha perturbación.
- Pode eliminar practicamente toda a vexetación baixo a súa copa, mediante procesos de competencia e alelopatía.

Manexo

- A súa eliminación é difícil e custosa debido a que se trata dun traballo a longo prazo.
- Pódense eliminar exemplares adultos descascándoos a pouco máis dun metro e medio de altura.
- Exemplares pequenos pódense arrincar eliminando completamente toda a cepa.
- Si é imprescindible o uso de compostos químicos, pódese aplicar glifosato sobre os tocos ou os cortes mediante pinceladas.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Acacia melanoxylon R.Br.



Alcacia, oliveira de Australia



Acacia, acacia negra



MPD

Orixe

- Sureste de Australia e Tasmania

Datos de interese

- Crese que se introduciu en España a finais do século XIX ou principios do XX, con fins ornamentais e madeireiros.
- Ten unha gran produción de sementes, que poden quedar almacenadas no chan no banco de sementes durante anos. Tamén se reproduce por estolóns. Ten unha forte capacidade reproductora que se pode ver incrementada despois dunha perturbación.
- Pode colonizar distintos tipos de hábitats, pero é un problema especialmente grave nos bosques de ribeira, onde compite cas especies nativas e rompe a continuidade dos hábitats naturais. É unha gran fixadora de nitróxeno.

Manexo

- A súa eliminación é difícil e custosa debido a que se trata dun traballo a longo prazo.
- Pódense eliminar exemplares adultos descascándoos.
- Exemplares pequenos pódense arrincar eliminando completamente toda a cepa.
- Si é imprescindible o uso de compostos químicos, pódese aplicar glifosato sobre os tocos ou os cortes mediante pinceladas.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Bidens aurea Sherff



Té da horta, té americano



Té de la huerta, té americano



MPD

Orixe

- América do Norte (sur de Estados Unidos) e América Central.

Datos de interese

- Primeiras citas en Galicia, a partir de 1980. Introduciuse de forma accidental.
- Propágase a través de sementes (epizoócora) e vexetativamente a través do rizoma.
- Pode colonizar diferentes tipos de hábitats. Pode formar poboacións abundantes que desprazan á vexetación nativa. Soe aparecer en solos nitrófilos e alterados. En Galicia distribúese sobre todo pola costa.

Manexo

- A súa erradicación pódese realizar mediante control mecánico. Si é posible, pódese desbrozar a zona a ras de chan, evitando desta forma que a planta chegue a formar sementes. Ademais sería necesario facer control das zonas a tratar para vixiar si existe reprodución vexetativa a través do rizoma.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)


Crocasmia x crocosmiiflora (Lemoine) N.E.Br.



Crocasmia, vara de San Xosé



Crocasmia, tritonía, chispa, vara de San José



Orixe

- Sudáfrica
- Híbrido de *C. aurea* (Pappe ex Hook.) Planch x *C. pottsii* (Baker) N. E. Br.

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1986. Introduciuse como ornamental.
- Propágase de forma vexetativa a través de rizomas ou cortes. Tamén produce sementes fértiles pero en menor proporción.
- Soe aparecer en zonas húmidas e sombrías. Tolerancia a inundacións temporais que nalgúns casos favorecen a súa propagación. É frecuente en ribeiras fluviais, herbeiros húmidos e medios alterados e nitrófilos.
- Forma densas poboacións que poden desprazar por competencia as especies nativas.

Manexo

- É difícil de manexar, require de esforzo continuado e control.
- Si o control é mecánico hai que arrincar o individuo completo, asegurando a eliminación do tubérculo do solo.
 - * **NOTA:** é máis fácil facelo cando a terra está húmida. Sería interesante separar os tubérculos do resto da planta, que se pode empregar para compostaxe (follas e flores).

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Erigeron canadensis L.



Eixerón



Erígero



MPD

Orixe

- América do Norte

Datos de interese

- Primeiras citas en Galicia, a partir de 1852. Introduciuse probablemente de forma accidental.
- Propágase exclusivamente a través de sementes. A produción é moi alta.
- Pode colonizar diferentes tipos de hábitats. No medio natural aparece sobre todo en areas costeiras, lagunas, marismas, etc; especialmente si se encontran alterados.
- Na nosa comunidade poden atoparse outras especies de *Conyza* das cales a máis estendida é *C. bonariensis* (L.) Cronq.

Manexo

- A súa eliminación pódese realizar mediante control mecánico. Si é posible, pódese rozar a zona a ras de chan, evitando de esta forma que a planta chegue a producir sementes. Outra forma efectiva sería a retirada manual dos exemplares, o que evitaría calquera evento de rebrote.


Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Eucalyptus globulus Labill.

 Eucalipto, alcolito

 Eucalipto



Orixe

- Sureste de Australia e Tasmania

Datos de interese

- Introduciuse en Europa con fins madeireiros.
- Pode reproducirse por sementes, sobre todo en terreos abandonados. Tamén se reproduce de forma vexetativa a partir de rebrotes epicórnicos. Ten unha forte capacidade reproductora que se pode ver incrementada despois dunha perturbación (cortas, incendios, etc).
- Pode colonizar distintos tipos de hábitats, pero prefere zonas húmidas e de poucas xeadas.
- Forma densas matas monoespecíficas que dificultan a xerminación e crecemento das especies nativas dos ecosistemas que invade. Ademais conta tamén con efectos alelopáticos.

Manexo

- A súa eliminación pode facerse mediante control mecánico arrincando as plántulas máis novas.
- Cando os exemplares son de maior porte pódense cortar e aplicar herbicida nos tocos para evitar rebrotes.

Catálogos

- X Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)


Galinsoga parviflora Cav.



Galinsoga común, facendeiro



Soldado galante, trébol salvaje, estrellita



Orixe

- America tropical (dende México ata Chile)

Datos de interese

- Primeiras citas na Península, 1969.
- Introduciuse probablemente de forma accidental debido ao transporte de mercancías.
- Reprodúcese a través de sementes. Os vilanos quedan prendidos dos animais, favorecéndose así unha reprodución zoócora.
- Aparece en hábitats alterados pola acción humana. Soe aparecer en solos nitrificados e donde hai certo grao de sombra. Encóntrase en expansión.

Manexo

- Os exemplares poden ser retirados manualmente, pero é preciso plantar outra especie xusto despois para matar as posibles plántulas e non deixar que florezca de novo.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Oxalis pes-caprae L.



Vinagreta, pan de cuco



Vinagrera, agrio



MPD

Orixe

- Sudáfrica, Rexión do Cabo

Datos de interese

- Introduciuse pola trasfega de material de cultivo, aínda que tamén se utilizou como ornamental.
- Reprodúcese a través de pequenos bulbos, que poden acabar desprazándose ao mover a terra, mediante animais ou por correntes de auga.
- Aparece en pastos, marxes de cultivo e solos alterados, pero tamén aparece en areas costeiras, en bosques de ribeira, etc.


Manexo

- A súa eliminación pode facerse mediante control mecánico arrincando as plántulas xunto cos bulbiños. É importante asegurarse que non quede ningún no solo.
- Outra forma de atacar á planta é mediante a corta, xa que desta forma se van consumindo pouco a pouco as reservas dos bulbos, o que fará que non sexan capaces de competir contra as especies nativas.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Paspalum dilatatum Poir.

 Pasto mel, páspalo

 Pasto miel, grama de agua



Orixe

- América do Sur (Brasil, Uruguai e Arxentina)

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1909. Descoñécese si se introduciu por accidente ou se si trouxo para uso forraxeiro.
- Propágase a través de sementes, pero a rexeneración a partir de fragmentos de rizoma tamén é intensa.
- Pode colonizar diferentes tipos de hábitats nitrófilos e con certa humidade. Coloniza sobre todo medios antrópicos pero tamén seminaturais. Aparece en zonas húmidas preto de marismas, comunidades herbáceas alteradas, etc.

Manexo

- A súa eliminación mediante control mecánico pode ser adecuada. É importante controlar a zona para evitar rebrotes a partir do rizoma unha vez retiradas as plantas.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Persicaria capitata

Buch. -Ham. ex. D. Don.) H. Gross



Pexegueira de xardín, tapete inglés



Nudosilla, hierba del Himalaya



Orixe

- Rexión do Himalaia e este de Asia

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental e como cultivo de cobertura.
- Reprodúcese de forma vexetativa.
- Forma densas matas monoespecíficas que compiten polo espazo e polos recursos coas especies nativas.

Manexo

- Cando os exemplares están pouco extendidos poden ser retirados manualmente, pero é preciso eliminar todos os restos do solo para evitar rebrotes.
- Cando as matas son demasiado grandes pódense aplicar herbicidas de forma puntual.
- Outra forma de atacar a planta e coa aplicación puntual de auga con sal, tendo en conta o risco que isto implica para o solo.

Catálogos

- X Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Phyllostachys aurea (André) Rivière & C.Rivière



Bambú dourado



Bambú dorado, bambú amarillo



Orixe

- Asia (China)

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental, pero tamén se emprega para artesanía e uso madeireiro.
- Propágase a través do rizoma de forma moi rápida.
- Soe aparecer en medios fértiles e non demasiado secos. Pode soportar malas condicións pero o seu porte será menor que na súa zona nativa.
- Pode formar grandes matas monoespecíficas que compiten polo espazo e os recursos coas especies nativas, desprazándoas.

Manexo

- A súa eliminación faise a través de control mecánico, arrincando toda a planta incluído o rizoma. Faise necesario o uso de ferramentas de man.
- Cando os exemplares son pequenos poden realizarse rozas continuas sobre a zona, o que debilitará a planta.

Catálogos

- X Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Phytolacca americana L.

Herba tintureira, tintureira

Hierba carmín, hierba tintorera



MPD

Orixe

- América do Norte (centro e leste de Estados Unidos).

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia no século XIX. Introduciuse posiblemente para usos medicinais e como ornamental.
- Propágase exclusivamente a través de sementes. As aves ao comer o froito favorecen a dispersión.
- Pode colonizar diferentes tipos de hábitats nitrófilos e con certa humidade. Aparece en zonas húmidas preto de ríos, prados húmidos, cunetas, zonas alteradas, etc.
- Pode supoñer un grave problema para a flora autóctona.

Manexo

- A súa eliminación mediante control mecánico é totalmente factible, xa sexa mediante roza ou por retirada manual dos exemplares.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Robinia pseudoacacia L.



Falsa acacia



Falsa acacia, robinia



Orixe

- América do Norte

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental e para uso madeireiro en Europa no século XVII.
- Propágase principalmente a través de sementes. Tamén presenta reprodución vexetativa a través do rizoma. É de crecemento rápido e pode verse favorecida polos incendios.
- Pode colonizar diferentes tipos de hábitats forestais e preforestais, así como tamén cunetas e hábitats degradados.
- Pode modificar as condicións naturais dos solos que ocupa formando humus rico en nitróxeno, o que favorece o establecemento de novas especies oportunistas.

Manexo

- A súa eliminación mediante control mecánico é moi pouco efectiva. A mellor estratexia é mesturar o control mecánico (podas, cortes, incisións) co control químico (aplicación de herbicidas como glifosato 20% ou triclopir 50% nos cortes).

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Tradescantia fluminensis Vell.



Orella de gato, herba da fortuna



Amor de hombre, oreja de gato



Orixe

- América do Sur (sudeste de Brasil ata Arxentina)

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1949. Prego de herbario de Bellot e Casaseca. Introduciuse como ornamental.
- Propágase de forma vexetativa a través de talos enraizantes. En poboacións non nativas non produce sementes fértiles.
- Soe aparecer en zonas húmidas e sombrías. É frecuente en ribeiras fluviais e medios alterados e nitrófilos.
- Forma densas poboacións monoespecíficas que poden desprazar por competencia as especies nativas e afectar a súa rexeneración natural.

Manexo

- Pódese retirar por enrolamento cando as densidades son elevadas. Hai que asegurarse de retirar cada fragmento solto que se desprenda para evitar rebrote (posiblemente sexa necesario repetir o proceso en 2 ou 3 ocasións máis para retirar os exemplares que consigan enraizar). Polo mesmo é importante realizar control.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)


Zantedeschia aethiopica (L.) Spreng.



Cala, cartucho, corno



Cala, cartucho, flor de pato



Orixe

- Sudáfrica

Datos de interese

- Introduciuse probablemente como ornamental, xa que se emprega habitualmente en xardinería.
- Propágase a través de sementes pero tamén polo rizoma.
- Soe aparecer en medios máis ou menos alterados con bastante humidade (cunetas, marxes de ríos, bosques de ribeira...). Toda a planta é tóxica, exceptuando as flores (espatas).

Manexo

- A súa eliminación faise a través de control mecánico, arrincando toda a planta incluído o rizoma.
***NOTA:** Faise necesario o uso de materiais de protección debido a súa toxicidade.
- É importante manter un control das zonas tratadas para evitar a reaparición de novos rebrotes.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Fichas monográficas das
especies exóticas potenciais
na bacía do río Tins




Agave americana L.



Piteira



Pita, maguey, pitaco



Orixe

- México

Datos de interese

- Introducida en España no século XVI.
- Emprégase en xardinaría e para a obtención de fibras bastas.
- Pódese reproducir sexualmente a través de sementes ou vexetativamente por estolóns rizomatosos subterráneos.
- Reduce a biodiversidade nativa e altera o ciclo de nutrientes.

Manexo

- As plántulas elimínanse mediante control mecánico.
- Os exemplares de maior tamaño teñen que ser cortados a ras do chan, posteriormente deben aplicarse herbicidas mediante pinceladas nos tocos.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Arundo donax L.



Cana, xunco xigante, falso bambú



Caña, cañavera, cañizo, carda



Orixe

- Sur de Asia (de India ata Tailandia).

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental e para certo uso madeireiro. En ocasións tamén se usa como planta descontaminadora e nas plantas de biomasa.
- Pode desprazar ou eliminar especies nativas ao competir polo espazo e recursos do medio no que aparece; ademáis de alteralos, reduce as bacías dos ríos cos seus sedimentos. Pode chegar a ser un factor de risco para os incendios.
- A reprodución é exclusivamente vexetativa, a partir de fragmentos do rizoma que poden dispersarse pola circulación da auga.


Manexo


- A retirada manual só é aplicable contra exemplares xuvenís de menos de 2 metros. É necesario cortar o talo primeiro, para despois eliminar o rizoma con pas ou sachos. É importante non deixar os talos ou os rizomas no solo, xa que poden enraizar e rebrotar de novo.
- Os exemplares adultos ben establecidos poden chegar a ter rizomas de ata 3 metros, polo que hai que cortar os talos e logo aplicar un herbicida para asegurar a morte da planta.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Azolla filiculoides Lam.

 Fieito de auga

 Helecho de agua



Orixe

- Sur de EEUU, México, Centroamérica, e toda América do Sur, agás o sur de Chile e Arxentina.

Datos de interese

- A especie coloniza estanques, pantanos e outras zonas de augas estancadas normalmente con altos valores de contaminación orgánica e, máis raramente, augas limpas.
- A introdución foi probablemente accidental, aínda que se utiliza en acuarios e como flora acuática ornamental, o que constituír unha vía de entrada.
- Forma un tapiz continuo que provoca cambios na dinámica do ecosistema, producindo gran cantidade de residuos orgánicos e evitando o paso da luz. Ademais, produce a eutrofización das augas nas que se atopa.
- É capaz de multiplicarse vexetativamente mediante fragmentación e ao mesmo tempo reproducirse mediante esporas.

Manexo

- No caso de invasións puntuais, a erradicación mediante retirada manual ao longo de varios períodos de tempo pode ser efectiva.
- No caso de que a zona invadida sexa moi ampla, o control biolóxico móstrase como a única ferramenta útil. Este sería mediante o insecto *Stenopelmus rufinusus* que se alimenta unicamente de plantas do xénero *Azolla*.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Buddleja davidii Franchet



Lilar, arbusto das bolboretas



Arbusto de las mariposas, lilo de verano



WEB

Orixe

- China central

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1983.
- Introduciuse posiblemente como ornamental.
- Compite coas especies autóctonas e pode chegar a impedir o acceso a ríos.

Manexo

- En xeral é desaconsellable o emprego de unicamente técnicas de control mecánico, a non ser que se poida repoboar a zona con especies desexables nun breve período de tempo.
- A planta debe cortarse e aplicarse un herbicida.
- Tamén é importante ter coidado coas sementes debido a súa rápida xerminación.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Cortaderia selloana (Schult. & Schult.f.) Asch. & Graebn.



Herba da Pampa, carrizo da Pampa



Hierba de la Pampa, plumacho



Orixe

- América do Sur (Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai)

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1980.
- Introduciuse posiblemente para uso ornamental; séguese utilizando normalmente en xardinaría e chegou a empregarse como barreira visual en autoestradas.
- Propágase principalmente a partir da gran cantidade de sementes que pode producir cada planta, e que son dispersadas a longa distancia polo vento. Tamén o fai de forma vexetativa pola fragmentación da cepa.
- Espállase moi rápido desprazando a flora e fauna nativa, transforma o medio, diminúe a calidade da forraxe e pode producir alerxias.

Manexo

- O control mediante arranque manual só útil en pequenos exemplares.
 - Para exemplares adultos precísase maquinaria para retirar a totalidade do rizoma.
- *NOTA:** débese empregar protección xa que as follas poden causar lesións.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Egeria densa Planch.



Elodea densa



Broza del Brasil, egeria



Orixe

- Brasil, Arxentina e Uruguai.

Datos de interese

- Primeira cita en España nun medio natural, 1995.
- Introduciuse probablemente por accidente a través do seu uso xeneralizado en acuarios, xa que produce unha gran cantidade de osíxeno e limpa de materia orgánica os cursos en que vive.
- É unha especie de rápida propagación, pode ocupar grandes áreas de augas doces, diminuír a luz na auga, afectar as concas dos ríos, secuestrar nutrientes e reducir o hábitat doutras especies tanto animais como vexetais.
- Reprodúcese principalmente de forma vexetativa. Os fragmentos de talo transpórtanse polo río levados polas correntes e por embarcacións, podendo enraizar así noutros lugares.

Manexo

- Á hora de realizar actuacións é recomendable situar unha rede río abaixo, no punto no que remata a súa poboación, para minimizar a colonización de novas áreas polos fragmentos desprendidos.
- O control mecánico por arranque ou retirada manual é unha medida inicialmente efectiva, pero a curto prazo, xa que en poucos meses as poboacións poderían recuperarse e dispersarse de novo.
- O único método totalmente efectivo é o control químico, aínda que é desaconsellable.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Eichhornia crassipes (C.F.P. Mart.) Solms-Laub



Xacinto de auga

Jacinto de auga, camalote

Orixe

- Bacía do Amazonas

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental acuática para estanques e acuarios. A súa dispersión prodúcese pola auga e polas aves.
- Pode producir unha redución na cantidade de luz que entra na auga, diminuír os niveis de osíxeno disolto ao descompoñerse, impedir o intercambio gaseoso entre a auga e a atmosfera, compite fortemente coa flora autóctona, etc. Pode chegar a dificultar calquera actividade humana realizada na masa de auga na que se atopa, ademais de ser un medio ideal para a proliferación de mosquitos.

Manexo

- A retirada manual exhaustiva pode ser eficaz cando as zonas invadidas son de pouca extensión.
- Cando a extensión é ampla deben usarse máquinas como segadoras acuáticas ou picadoras accionadas, colleitadoras, etc. Despois é necesario retirar todos os restos e biomasa que quede na auga xa que doutra forma volvería a extenderse rápidamente.


Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Helichrysum petiolare

Hilliard & B.L.Burtt



 Sempreviva, perpetua

 Siempreviva

Orixe

- Sudáfrica, Rexión do Cabo

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1974.
- Introduciuse probablemente como ornamental.

Manexo

- A retirada manual é una boa opción para a súa erradicación, tendo en conta que hai que evitar o seu contacto posterior co solo, xa que os talos poden volver a enraizar.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Ipomoea indica (Burm.) Merr.

Campaña

Campanilla morada, batatilla de Indias



Orixe

- Centroamérica e América tropical

Datos de interese

- Primeira cita en España, comezos do século XX.
- Introduciuse posiblemente como ornamental polas súas flores vistosas e a súa capacidade para tapizar rapidamente.
- Altera a estrutura e abundancia das especies nativas, compite polo espazo e recursos con elas chegándoas a eliminar, altera os patrón na sucesión natural de vexetación nativa e modifica as condicións ambientais da zona na que se establece.


Manexo

- Pequenas poboacións desta planta poden ser eliminadas mediante a retirada manual das partes aéreas e subterráneas.
- Para poboacións que ocupen grandes superficies é máis recomendable combinar o control mecánico coa aplicación de herbicidas. Primeiro téñense que cortar os talos e logo aplicar o herbicida.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Lonicera japonica Thunb.

 Madreselva, chuchamel

 Madreselva, madreselva japonesa



Orixe

- Japón, China, Corea

Datos de interese

- Primeira cita en España, 1961.
- Introduciuse posiblemente como planta ornamental para formar sebes e cubrir muros ou cerrados.
- Altera a estrutura e abundancia das especies nativas, compite polo espazo e recursos con elas chegándoas a eliminar e altera os patróns na sucesión natural da vexetación nativa.

Manexo

- Deberíase reducir o emprego da especie en xardinaría.
- Nos casos onde a zona invadida sexa moi ampla, os métodos manuais de control son limitados debido á gran densidade de biomasa da especie.
- Os herbicidas parecen o método de control máis eficaz, aínda que é desaconsellable.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Ludwigia grandiflora (Michx.) Greuter & Burdet



Ludwixia de flor grande



Ludwigia



Orixe

- América do Sur

Datos de interese

- Introduciuse como ornamental en estanques e xardíns. Tamén se empregou para favorecer a pesca, xa que a vexetación enraizada crea un bo nicho para o desove dos peixes.
- Ten una gran capacidade de colonización e propagación, produce unha gran cantidade de biomasa, pode modificar as propiedades fisicoquímicas da auga, dificulta calquera actividade humana realizada na masa de auga na que se atopa e pode xerar riscos sanitarios pola retención de sólidos flotantes, basuras, etc.

Manexo

- O control físico por ensombrecemento con cubertas opacas resulta efectivo contra esta planta, aínda que se a zona invadida é ampla non é recomendable.
- A retirada manual exhaustiva de todos os exemplares presentes tamén é eficaz. Cando a extensión é demasiado ampla utilízanse máquinas. Despois débense retirar todos os restos e biomasa que quede na auga xa que de non facelo volvería a extenderse rapidamente.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- ✓ Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Petasites fragrans (L.) Presl.



Sombreiro, pétaso recendente



Sombrerera, pata de caballo



Orixe

- Norte de África

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, comezos do século XX.
- Introduciuse posiblemente como ornamental.
- Pode desprazar e competir polo espazo e polos recursos coas especies nativas.

Manexo

- A eliminación pode facerse de forma manual mediante arranque temperán, antes da maduración das sementes ou antes da floración.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Vinca difformis Pourr.



Herba doncela, herba da envexa, cangorza disforme



Alcandorea, flor de los muertos



Orixe

- Mediterráneo oriental e central

Datos de interese

- Primeira cita en Galicia, 1852.
- Introduciuse posiblemente como ornamental.
- Compite coa vexetación autóctona polo espazo e os recursos, chegando a reducila e a eliminala do seu hábitat natural.

Manexo

- O control manual pode ser absolutamente eficaz se se conseguen retirar os estolóns e os nódulos, aínda que é unha técnica que require moito tempo.
- Pódese empregar tamén o recubrimento. Primeiro débese cortar a planta e posteriormente recubrir cunha cuberta plástica ou de materia vexetal.

***NOTA:** debido á gran capacidade de rebrotar que posúe, recoméndase revisar as zonas en que a planta sexa eliminada polo menos dúas veces ao ano (en outono e primavera).

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- x Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Yucca gloriosa L.



luca gloriosa, puñal español



Yuca, daga española



Orixe

- Centroamérica

Datos de interese

- Introduciuse posiblemente como ornamental, que é moi utilizada en xardinaría.

Manexo

- O control mecánico pode ser un método factible para o seu control, especialmente cando os exemplares son pequenos.

Catálogos

- ✓ Catálogo de Plantas Invasoras de Galicia
- X Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras
- ✓ Global Register of Introduced and Invasive Species (GRIIS)

Notas

